


Programa de Acción Educativa “O Lixo desde o teu concello”



Memoria do Programa - Convenio 2020

ADEGA – Mancomunidade Serra do
Barbanza



ÍNDICE

1.Introdución.....	3
2.Obxectivos e actividades do programa de EA.....	4
3.Actividades do programa de educación ambiental.....	5
4.Difusión.....	8
5.Entidades participantes.....	9
5.1 Centros de Ensino.....	10
5.2 Concellos e outras entidades.....	11
6.Caracterización das actividades realizadas	12
6.1 Obradoiros.....	12
6.2 Actividades realizadas por concellos.....	13
7.Avaliación do programa e actividades.....	14
7.1 Primeira Parte.....	15
7.2 Segunda Parte.....	16
7.3 Terceira Parte.....	19
8. Reunións con concellos.....	21
9. Conclusións.....	22
10. Equipa de traballo.....	23
ANEXOS.....	24

1.INTRODUCCIÓN

Dende ADEGA lévanse realizando dende hai 17 anos o Programa de Acción Educativa “**O lixo desde o teu Concello**”, dirixido a entidades e centros de ensino que pertencen a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, isto e grazas ao convenio asinado entre a empresa FCC (*Fomento de Construcións y Contratas*) e ADEGA.

Este programa permite incidir na importancia da boa separación do lixo na súa orixe para o posterior tratamento dos residuos. O programa realízase nos concellos pertencentes á Mancomunidade do Barbanza, a zona de Galicia onde os índices de reciclaxe e reaproveitamento son maiores e son un exemplo a seguir por outras rexións do País.

A educación da cidadanía é indispensable neste tipo de programas de xestión do lixo. Permite valorar o traballo da veciñanza e a importancia da súa colaboración para acadar unha xestión do lixo eficaz e eficiente, e facilitando o tratamento posterior no **Complexo medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos e asimilables** da Mancomunidade.

Neste 2020 realizáronse 64 actividades (obradoiros+charlas). Despois da ADENDA Nº 2012/632.160.002 na cal se reduciu o número de actividades do convenio pasando de 125 a 63 actividades.

O calendario de actividades elaborouse conforme foron chegando as solicitudes dende o mes de xaneiro, incluso algunhas xa foran solicitadas o ano anterior.

É habitual que cada entidade, ben sexan centros de ensino, concellos ou asociacións, soliciten máis dunha actividade. Tentamos que ningunha solicitude quedara sen resposta dando así cabida a un maior número de entidades e a un reparto equitativo entre os diferentes concellos da Mancomunidade da Serra do Barbanza (Ames, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia, Pontecesures, Porto do Son e Rois).

2.OBXECTIVOS

O obxectivo do programa “O lixo desde o teu concello” é a de fomentar a **redución, reutilización e reciclaxe dos residuos (os 3R)** da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza a través de actividades de educación ambiental impartidas en centros de ensino, concellos e outras entidades.

Como obxectivos específicos salientamos:

- 1) Dar a coñecer a problemática dos residuos.
- 2) Fomentar actitudes de respecto e coidado do entorno.
- 3) Promover, en diversos ámbitos (centros de ensino, asociacións...) a toma de conciencia dos problemas medioambientais.
- 4) Desenvolver un espírito crítico fronte aos problemas que ocasiona o consumo de produtos con exceso de embalaxes, dun só uso, ou que precisen dun longo transporte dende o lugar onde se producen.
- 5) Expoñer outro tipo de consumo que respecte a estratexia dos tres R (redución, reutilización e reciclaxe).
- 6) Facilitar o coñecemento do funcionamento dos servizos e técnicas que se aplican na xestión dos R.S.U. na Mancomunidade da Serra do Barbanza.
- 7) Recordar a importancia de realizar unha boa xestión de residuos e acadar o 50% que marca a Unión Europea.

3. ACTIVIDADES DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL

As actividades de educación ambiental ofertadas este ano están reunidas en 10 bloques temáticos:

1. Ecoauditoría de residuos

Obradoiro no que os participantes convértense en inspectores. Na auditoría do centro realízase un estudo da xestión de residuos. Esta actividade consta de **tres sesións**; previamente o centro debe enviar a información e planos do lugar. A equipa de educación ambiental distribúe os grupos e elabora os formularios específicos. Explícase como se realiza a inspección e comezase co traballo (2 h). Unha vez recompilada a información obtida da inspección a equipa de educación ambiental fai un resumo da situación actual xuntando toda a información dos diferentes grupos. Esta información lévase de novo á aula, facemos unha posta en común e os participantes propoñen unha serie de melloras e accións que se deberán implantar no seu centro para facer unha óptima xestión dos residuos coas súas propias campañas. A dirección do centro recibe un informe coas conclusións do estudo.

2. Reciclaxe de papel

Cuns xornais vellos e auga, fábricase papel novo, demostrando que a reciclaxe é viable se colaboramos e separamos axeitadamente os residuos. No obradoiro faise fincapé da importancia da reciclaxe para os bosques, a auga e a enerxía

3. Fabricación de cousas novas con residuos

Con este obradoiro intentase que os participantes vexan a posibilidade de darlle unha segunda vida a residuos que a primeira vista soamente servían para tirar. Dende fabricar una saca cunha camiseta vella ate unha carteira con bricks, amosase a recuperación e reutilización dos residuos.

4. Substituíndo os tóxicos no fogar

Ate os produtos que parecen máis inofensivos conteñen unha gran cantidade de tóxicos, neste obradoiro preténdese dar a coñecer a composición tóxica deses produtos que utilizamos a diario sen saber a gran cantidade de tóxicos que conteñen. Danse alternativas ecolóxicas de diferentes produtos tanto de hixiene persoal como limpeza da casa, facendo un produto no mesmo obradoiro

5. Xogos do lixo

Dirixida ás crianzas. Trátanse os 3 Rs mediante diferentes xogos onde se pretende que as nenas e nenos pasen un momento agradable e aprendan ao mesmo tempo. Para iso xogan cuns brinquedos feitos con material de refugallo participando na “Olimpiada do lixo” ou no “xogo de separación”

6. Obradoiro de análise da bolsa do lixo

Actividade na que os participantes toman conciencia da cantidade e diversidade de lixo xerado nos nosos fogares e como está nas nosas mans contribuír ou non a súa redución a través dunha separación axeitada. A actividade consiste na análise do contido da bolsa de lixo e posterior clasificación dos residuos orgánicos e inorgánicos nos contedores correspondentes.

7. Construción dun composteiro. 8. Compostaxe

Preténdese implantar a compostaxe nas diferentes entidades participantes. Constrúese un composteiro con material reciclado para xestionar os residuos orgánicos. Os que xa posúen un composteiro comprobaran o correcto funcionamento do mesmo realizando diferentes actividades como a comprobación da temperatura, humidade, presenza de impropios.... existe a posibilidade de solicitar unha exposición de compostaxe deseñada por ADEGA durante 15 días. Esta actividade complementase dunha visita guiada.

9. Residuos e consumo


Aquí amósase aos participantes a realidade do consumo diario, poden observar a realidade da sociedade consumista que somos e a produción de residuos que iso conveña. Chegan a ser conscientes de que con pequenos cambios nas nosas rutinas diarias pódese chegar a diminuír notablemente a cantidade de residuos xerados. Médiante un xogo dinámico incidirase na importancia do consumo moderado ou tamén con un vídeo fórum coa temática do consumo.

10. Ambientalización de festas e/ou eventos

Propoñemos unha serie de estratexias co obxectivo que diminúa a produción de lixo, mellorar a separación en orixe e ademais visibilizar a xestión dos residuos da Manc. de concellos Serra do Barbanza.

En todas as actividades sempre se imparte unha charla informativa e posteriormente o obradoiro. Estas actividades permítenos unha gran versatilidade que podemos chegar a todo tipo de público, dende ao infantil ate o adulto, adaptando e adecuando sempre os contidos para os diferentes rangos de idade e necesidades dos participantes.

Debido a actual estado de Pandemia no que nos atopamos tivemos que facer modificacións a hora de realizar as actividades, actualmente nos centro de ensino as aulas están desdobladas polo que o número de obradoiros no mesmo centro de ensino multiplicáronse. Tamén remarcar que a causa do confinamento moitas das actividades que estaban programadas canceláronse totalmente, agardamos que este novo curso eses centros de ensino se animen de novo a realizar as actividades.




4. DIFUSIÓN

Para dar a coñecer o programa “O lixo desde o teu concello” enviáronse circulares informativas e dous folletos (Anexo V) con todos os bloques temáticos das actividades aos centros de ensino, concellos e outras entidades (asociacións, bibliotecas e ludotecas, campamentos de verán, ANPAS,...).

Este ano co cambio de goberno decidiuse contactar directamente cos concellos para ter reunión cos/as alcaldes/alcaldesas para informarles sobre o programa. O único concello co que non fomos capaces de contactar foi con Pontecesures xa que non mostran ningún tipo de interese a pesar das múltiples chamadas. Todos mostraron interese cara o programa e dixeron que axudarían na difusión.

O noso reto sigue sendo aumentar a participación de público adulto nas actividades, falouse cos concellos para que envíen a información as asociacións, na maioría casos enviamos nos directamente a información as asociacións.



5. ENTIDADES PARTICIPANTES




Nesta edición do programa “O lixo desde o teu concello” participaron un total de 11 entidades diferentes, entre elas concellos, asociacións e centros de ensino, sendo estes últimos os máis numerosos.

Se facemos a análise da “tipoloxía das entidades participantes” con respecto ao 2019 podemos observar que diminuímos a participación de concellos. Este ano fixemos obradoiros no campamento municipal de Esteiro e Rois. Mantemos as actividades nas asociacións que empezamos a ano pasado. Os centros de ensino seguen a ser os principais receptores das nosas actividades.

A variación de participantes foi menor este ano debido ao explicado no apartado anterior, a Covid-19.

5.1 Centros de ensino




Este ano **seguíu aumentando a participación en CEIP e diminuindo en IES**. Pensamos que as actividades en IES poden ter maior pegada na mellora da separación selectiva no concello, polo que agardamos volver a aumentar o número de IES para o ano 2021. Case igualamos o número de actividades en IES e CEIP. Os IES participantes xa levan participando varios anos e nos piden sempre actividades para a semana da ciencia dos seus respectivos centros de ensino, pero finalmente non se puideron realizar todas esas actividades a causa do confinamento.

Os **centros de ensino** que participaron no programa foron os seguintes:

- IES Porto do Son (Porto do Son)
- IES Milladoiro (Ames)
- CEIP Felipe de Castro (Noia)
- CEIP Plurilingüe de Pedrouzos (Brión)
- CEIP Pedrouzos (Brión)
- CEIP de Louro (Muros)
- CEIP Barouta (Ames)
- CEIP de Seráns (Porto do Son)

5.2 Concellos e outras entidades



Continuamos nos campamentos de verán de Muros e coa premisa de facer obradoiros que tiveran pegada durante o campamento, non como actividade puntual. Este ano quixemos reforzar a correcta separación do lixo polo que nos decantamos polo obradoiro “Os xogos do lixo”. Isto debeuse a que nos informaron que no campamento tamén se atopaban rapaces e rapazas que non pertencían o concello e que non sabían como facer unha correcta separación.


Coa Asociación Misela fixemos dúas charlas reforzo para realizar unha correcta separación dos residuos, xa que notaron que co confinamento precisaban unha mellora; como desde o centro van a realizar limpeza de praias creouse un tríptico específico sobre esa temática para eles, aproveitando a charla de separación tamén para falar de como facer unha limpeza ecolóxica e onde tirar cada residuo; sobre todo especificando onde depositar os restos de pesca (redes, cabos, nasas,...)

Os concellos e outras entidades que participaron no Programa de Acción Educativa 2020 son os que seguen:

- Asociación Misela (Noia).
- Campamento de Esteiro (Concello de Muros).
- Campamento de Muros (Concello de Muros).
- Asociación Larich@s (Carnota).

6. CARACTERIZACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

O seguinte gráfico recolle o tipo dos obradoiros realizados:



6.1 Tipo de actividade

A actividade máis solicitada este ano foi a de “Fabricando cousas novas con residuos”. Como indicamos anteriormente, este ano quixemos adaptar esta actividade ás diferentes festividades para así poder amosar que é posible a súa celebración dunha maneira sostible. Este ano houbo varias actividades que non foron solicitadas, mais despois do confinamento, os centros de ensino remarcaron a necesidade de facer máis obradoiros centrados na correcta separación dos residuos e no consumo, para que, unha vez asentados eses conceptos, comezar a facer outros obradoiros como “Substituíndo tóxicos no fogar” ou “Construción dun composteiro”.


No tema de ambientalización de festas cabe remarcar que este ano non se realizaron festas e polo momento dubidamos que se poidan realizar polo que temos que ver a evolución da Covid-19 para poder ofrecer esta actividade.

A seguinte foi os “Xogos do lixo”, actividade máis encarada aos máis cativos, que dunha forma lúdica aprenden a distinguir os 4 contedores e o que deben botar en cada un deles. O profesorado remarca que nesta actividade se interiorizan moitos os conceptos con este tipo de obradoiros.

6.2 Actividades por concellos

No programa “O lixo desde o teu concello” participaron 6 dos 9 concellos pertencentes á Mancomunidade. Esta ano houbo unha clara redución de concellos nos que se fixeron actividades, mais debemos ter en conta que durante máis de 4 meses non se puideron realizar. Debido á situación cambiante, resultou moi difícil programar actividades a longo prazo. Houbo concellos nos que non se permitiu a realización de actividades por xente de fora do centro de ensino, a pesar de ofrecerlles a opción de facelas telematicamente.

A seguinte gráfica amosa o mapa das **actividades realizadas por concellos**:



7. AVALIACIÓN DO PROGRAMA E ACTIVIDADES

A avaliación das actividades do Programa de Educación Activa foi realizada polos titores/as ou coordinadores/as de grupo ó remate das mesmas. A través dunha enquisa valoráronse os contidos e os medios empregados da actividade así como a recollida de suxestións cara a súa mellora.

A enquisa (**Anexo III**) consta de 3 apartados. No primeiro recóllense os datos referentes ao tipo de actividades, título, data de realización, hora, curso, nº de alumnos/as, integración da actividade na programación escolar, se ten carácter puntual ou complementario e a vontade de realizar ou non algunha actividade semellante no vindeiro curso o carácter da mesma, ou un obradoiro para complementar o que se está impartir nalgunhas das materias.


O segundo apartado fai unha valoración global da actividade, onde se pregunta sobre os contidos, o traballo da equipa de educación ambiental e os medios empregados. A valoración que poden facer vai dende “moi bos” ate “moi malos”.

No terceiro apartado recóllense as suxestións cara a mellora das actividades e do Programa de Acción Educativa así como as aportadas polos participantes.

A continuación resúmense os datos extraídos das enquisas recollidas e dos comentarios realizados polos participantes no momento de realizar a actividade.

7.1 Primeira parte

O primeiro apartado da enquisa valora o **carácter da actividade** realizada e amósamos que o 36% das actividades realizadas foron de carácter puntual e o 49 % complementarias a materias como coñecemento do medio e ciencias naturais. Houbo unha porcentaxe de xente que non contestou este apartado.



En canto a se **volverían a realizar a actividade** a totalidade de responsables responderon **afirmativamente**.


Algúns dos comentarios recollidos foron:

- O alumnado disfrutou.
- Paréceme interesante , ten que durar máis tempo.
- Moi educativa.
- É unha parte importante da aprendizaxe.
- Resulta lúdica, didáctica e motivadora.
- Axuda a educación integral da persoa.

7.2 Segunda parte

O segundo apartado da enquisa recolle as valoracións das persoas responsables da actividade sobre os contidos, o traballo das educadoras e os medios empregados. A escala da valoración vai desde “moi bo” ata “moi malo”.

A **valoración global** da actividade foi catalogada como “moi boa” polo 73% das persoas responsables da actividade e 27% como “boa”. Non aparece ningunha valoración “regular”, “mala” nin “moi mala”.




A **valoración dos contidos** segue a mesma tendencia, un 84 % das persoas responsables da actividade considerárona “moi boa” e un 16% “boa”. Non aparece ningunha valoración “regular”, “mala” nin “moi mala”.



Podemos destacar como comentarios os seguintes:

- Extrapolable á comunidade educativa.
- Pertinentes e complementarios aos do currículo.
- Complementa a nosa actividade de RECREOS RESIDUOS CERO.


En canto **valoración do traballo dos educadores** o 84% do profesorado tivo “moi boa” valoración dos educadores e un 16% “boa” non sinalando ningunha máis baixa.



Nas avaliacións indícase:

- Moi c3ercana, clara e concreta.
- Moi interesante para o grupo, moi din3amica.
- Agradecer o bo traballo e precauci3on dos Educadores Ambientais.
- Moi boa interacci3on cos rapaces.
- Excelente preparaci3on.
- Estimularon e motivaron moi ben o alumnado.

A **valoraci3on dos medios empregados** foi "moi boa" nun 71%, "boa" nun 27% , un regular 2% e non obtivemos respostas como mala ou moi mala



Como comentarios dest3acase:

- Os medios adecu3aronse perfectamente 3a actividade.
- Totalmente axeitados.

Ante a valoraci3on regular o motivo foi o seguinte:


- V3deos nun idioma que se achegue aos nenos.

- Trátase da actividade foro-debate, un dos vídeos está en inglés con subtítulos en galego e á rapazada non lle gustou ler os subtítulos polo que nos seguintes obradoiros buscamos outro vídeo.

7.3 Terceira parte

O terceiro apartado da enquisa pretende recoller as suxestións e propostas das persoas responsables sobre as actividades e o programa do Plan de Educación Ambiental co fin de facer melloras en futuras edicións.

Sobre as propostas dadas sobre a **mellora do programa** o 34% do profesorado non contesta, mentres que outro 11% do profesorado aumentarían o número de actividades por centro, un 2% aumentarían bloques de actividades e un 5% incluírían outras actividades que se ofertan aos centros de ensino.




Como comentarios destácase:

- Facer compost, un punto limpo.
- Visitas
- Plantación de árbores no patio.

Resulta interesante que ante a pregunta sobre como **mellorar as actividades** a maioría das persoas enquisadas non contestan. Un 4% din utilizar outros recursos máis visuais, isto o

reclamaron nos obradoiros online onde houbo problemas coa recepción de imaxe, pero xa se solucionaron ese tipo de problemas.



8. PROBLEMÁTICA Covid-19


Este ano non foi un ano común para todos, tivemos que ir mudando sobre a marcha moitas cousas das actividades para poder adaptalas así ao protocolo da Covid-19.

Os tempos dentro das aulas reducíronse por mor de desinfección e aireación das clases, así mesmo adaptáronse a maioría das actividades para poder realizalas en formato online.

Remarcar que agora mesmo en case todos os centros de ensino desdobláronse as aulas polo que para poder dar un obradoiro nun curso duplicamos o noso traballo.

Este ano tiñamos máis de 30 actividades programadas para o mes de Marzo, pero ante o peche dos centros de ensino e o confinamento non se puideron realizar. Despois tamén hai moito temor por realizar actividades nestas épocas polo que hai que facer un esforzo maior para poder chegar a todos os lados.

Durante o confinamento creouse un folleto informativo no que se animaba á xente a separar o lixo en orixe de forma correcta. Coa Asociación Misela creouse un folleto específico para facer a Limpezas de Praias **(Anexo VI)**.



9. CONCLUSIONES

Como en anos anteriores o noso compromiso segue sendo divulgar unha xestión sostible e respectuosa co medio ambiente empregando as diferentes actividades de educación ambiental. O principal obxectivo é concienciar á veciñanza da Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza sobre a necesidade da redución, da reutilización e da reciclaxe dos residuos xerados na casa a través dunha separación correcta dos mesmos.

Este ano non se puido realizar o obradoiro de “ambientalización de festas” debido a que todas foron canceladas. Cremos que tampouco vai a ser un obradoiro viable para este ano 2021.

Antes do peche dos centros de ensino puidemos observar que o Ecoauditoría resaltou ser un éxito. Os compromisos que a centro e alumnado acadara na última sesión da actividade estábanse levando a cabo: eliminación de vasos de plástico (cada membro do alumnado e profesora leva a súa cantimplora/cunca), separación correcta do residuos. Pero a volta do novo curso puidemos comprobar que se deron pasos cara atrás. Este ano temos que reforzar os conceptos de separación correcta tanto nas escolas como nas unidades familiares e incorporar a correcta xestión dos novos residuos como as máscaras, as luvas etc.

Houbo varios concellos que non realizaron actividades pero polo comentado anteriormente.

En canto as avaliacións, en xeral foron moi positivas. As entidades coas que traballamos normalmente volven a solicitar actividades. É complicado contactar con asociacións novas e facer actividades en concellos onde o interese neste proxecto é escaso. Nas propostas de mellora do (Anexo II).ofrécese alternativas...

Alén diso consideramos imprescindible aumentar o número de obradoiros para dar cabida a todas as solicitudes, e ampliar o público, sobre todo persoas adultas, para chegar a toda a cidadanía.

Estas e outras suxestións desenvólvense no **Plan de mellora do Programa de Educación ambiental para o Convenio 2021 (Anexo II).**

10. EQUIPA DE TRABALLO

O deseño e posta en marcha das actividades de educación ambiental do Programa de Acción Educativa “O lixo desde o teu concello” foron desenvolvidas por un equipo multidisciplinar de educadores ambientais .

Coordinación:


Itziar Díaz Feijóo. Licenciada en Bioloxía.

Equipa de Traballo:

Francisco Bañobre González. Licenciado en Bioloxía.

Ramsés Pérez Rodríguez, Pedagogo e Educador Ambiental.

Maria Amigo Regueiro . Licenciado en Bioloxía



ANEXOS

ANEXO I: Cadro de actividades.....	25
ANEXO II: Melloras do Programa de E. Ambiental.....	29
ANEXO III: Modelo de Avaliación.....	31
ANEXO IV: Visitas e quilometraxe realizado durante o Programa.....	34
ANEXO V: Folleto informativo.....	35
ANEXO VI: Folleto divulgativo.....	37
ANEXO VII: Nota de prensa.....	38
ANEXO VIII: Fotografías das actividades.....	40




ANEXO I: Cadro de actividades

	Data (2020)	Lugar	Concello	Obradoiro	Curso /idade	Nº participantes
1	12/12/19	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando adornos de nadal con refugallo”	3ºEP	19
2	12/12/19	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando adornos de nadal con refugallo”	4ºEP	14
3	13/12/19	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando adornos de nadal con refugallo”	1ºEP	25
4	13/12/19	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando adornos de nadal con refugallo”	2ºEP	26
5	13/12/19	CEIP de Barouta	Ames	“Fabricando adornos de nadal con refugallo”	4ºEP	21
6	20/12/19	IES do Son	Porto do Son	“Tóxicos no fogar”	1ºES	19
7	20/12/19	IES do Son	Porto do Son	“Tóxicos no fogar”	1ºES	20
8	20/12/19	IES do Son	Porto do Son	“Tóxicos no fogar”	1ºES	20
9	20/12/19	IES do Son	Porto do Son	“Tóxicos no fogar”	1ºES	20
10	29/01/20	AVV LArich@s	Carnota	“Fanicando cousas con residuos”	Varia do	24
11	12/02/20	AVV LArich@s	Carnota	“Reciclaxe de Papel”	Varia do	12
12	18/02/20	IES do Son	Porto do Son	“ Fabricando lápices”	12-13	20
13	18/02/20	IES do Son	Porto do Son	“ Fabricando lápices”	12-13	20
14	18/02/20	IES do Son	Porto do Son	“ Fabricando lápices”	12-13	20
15	18/02/20	IES do Son	Porto do Son	“ Fabricando lápices”	12-13	20
16	18/02/20	IES do Son	Porto do Son	“ Compostaxe”	15-16	20
17	28/02/20	IES Milladoiro	Ames	“Ecoauditoría”	15-16	25

18	28/02/20	IES Milladoiro	Ames		“Ecoauditoría”	15-16	25
19	03/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	8-9	27
20	03/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	8-9	27
21	03/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	8-9	27
22	06/03/20	IES Milladoiro	Ames		“Ecoauditoría”	15-16	25
23	10/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	9-10	23
24	10/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	9-10	23
25	10/03/20	CEIP de Pedrouzos	Brión		“Fabricando cousas con Residuos”	9-10	24
26	12/03/20	CEIP Louro	Muros		“ A nosa compra”	3-6	24
27	13/07/20	Campamento Esteiro	Muros		“Os xogos do lixo”	3-9	10
28	14/07/20	Campamento Muros	Muros		“Os xogos do lixo”	3-10	8
29	14/07/20	Campamento Muros	Muros		“Os xogos do lixo”	3-10	9
30	27/07/20	Campamento Esteiro	Muros		“Os xogos do lixo”	6-12	12
31	27/07/20	Campamento Muros	Muros		“Os xogos do lixo”	6-12	9
32	27/07/20	Campamento Muros	Muros		“Os xogos do lixo”	6-12	8
33	04/08/20	Campamento Muros	Muros		“Os xogos do lixo”	3-12	9
34	30/09/20	CEIP de Louro	Muros		“Compostaxe”	2-6	12
35	17/10/20	Praia	Muros		Charla separación	Varias	10
36	17/10/20	Praia	Porto do Son		Charla Separación	Varias	20
37	3/11/20				Creción de tríptico separación		
38	23/11/20	CEIP Barouta	Ames		“Fabricando cousas novas con residuos”	5-6	16
39	23/11/20	CEIP Barouta	Ames		“Fabricando cousas novas con residuos”	5-6	16

40	24/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	10-11	14
41	24/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	10-11	12
42	25/11/20	Asc. Misela	Noia	"Charla separación"	adultos	
43	26/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	6-7	17
44	26/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	6-7	16
45	26/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	6-7	17
46	26/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	10-11	22
47	26/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	10-11	21
48	27/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Fabricando cousas novas con residuos"	7-8	17
49	27/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Xogos do lixo"	3-6	19
50	27/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Xogos do lixo"	3-6	17
51	27/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Xogos do lixo"	3-6	18
52	27/11/20	CEIP Barouta	Ames	"Xogos do lixo"	3-6	17
53	01/12/20	Asc. Misela	Noia	"Charla separación"	adultos	
54	02/12/20	CEIP de Seráns	Porto Son do	"Fabricando cousas novas con residuos"	3-7	8
55	14/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	16
56	14/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	16
57	15/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	26
58	15/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	14
59	15/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	13-14	20
60	15/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	13-14	20

61	16/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	15
62	16/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	13-14	21
63	17/12/20	IES Milladoiro	Ames	"Foro debate"	12-13	15
TOTAL=	63	Obradoiros				



Anexo II : Melloras do Programa de Educación Ambiental para o Convenio 2019

Aumento do número de actividades

Un ano máis dende ADEGA consideramos imprescindible aumentar o número de actividades como se mantivo ata 2012. Isto é o dobre de obradoiros que na actualidade. Realizando 120 actividades permitiría que tódolos grupos solicitantes tiveran cabida no programa.

Ambientalización de festas e/ou eventos

Facer un esforzo en enviar información as asociacións ou centros sociais para divulgar esta nova actividade. Comunicar ou ter unha reunión cos responsables municipais e integrar esta actividade nos eventos do concello. Tamén ofrecer nas casa da cultura e nos parques infantís un folleto de boas prácticas para as festas de aniversario e etc. As festas de aniversario entre os máis cativos poden ser un bo comezo para reforzar os conceptos dunhas festas sostibles.

Exposición de compostaxe e visita guiada

En ADEGA temos unha exposición de 11 paneis sobre a compostaxe, función e importancia da mesma que pode ser solicitada por calquera centro. Dentro da oferta de obradoiros poderíase ofertar esta exposición cunha visita guiada á mesma.

Semana Europea de prevención de residuos


Aproveitando a semana fixéronse moitas actividades de reciclaxe no CEIP de Barouta. O noso propósito para o próximo ano é facer unha campaña/concurso nos diferentes centros e concellos da Manc. Do Barbanza.

Volver a conectar cos concellos

Vaise chamar concello por concello para recordarlles de novo o programa mostrando os resultados acadados en diferentes lugares. Recordándolles que agora máis que nunca temos

Programa de acción educativa “O lixo desde o teu concello”

que reforzar os conceptos de separación correcta para que obxectos como as máscaras non acaben no mar ou no chan.



Anexo III - Modelo de Avaliación

(Avaliacións cubertas en documentación adxunta)

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA “ O Lixo desde o teu concello”

ADEGA - Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza

¡Axúdanos a mellorar!

Tipo de actividade:

Charla Obradoiro

Título:.....

Data de realización:.....

Horario:.....

Curso/grupo:.....Nº participantes:.....

Ten caracter puntal ou complementario.....

Volvería realizar esta ou outra actividade semellante neste ou noutros grupos ou en
vindeiros,

Si, porque.....

Non, porque.....

A valoración global da actividade é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración dos contidos tratados na actividade son:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración do traballo realizado polos educadores ambientais é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

A valoración sobre os medios empregados (expositivos, material didáctico...), é:

Moi boa Boa Regular Mala Moi mala

Comentarios:.....

Suxestións:

-Para mellorar o Programa de Educación Ambiental

engadir outros bloques (por exemplo:.....)

incluír outras actividades (p.e:.....)

aumentar o número de actividades que se poden realizar en cada centro ou entidade

mellorar a comunicación entre a entidade organizadora e a coordinación do Programa (p.e:.....)

facilitar con maior antelación a data de realización da actividade

-Para mellorar a actividade realizada

utilizar outros recursos, cales.....

aplicar outra metodoloxía, cal.....

mellorar a formación das/os educadoras/es

mellorar os contidos

-Outras
suxestións,.....
.....
.....
.....

NOME DA ENTIDADE

.....
ENTIDADE RESPONSABLE QUE PARTICIPOU NA ACTIVIDADE
.....
.....

Sinatura do/a Responsable do/a Centro/Entidade e/ou selo



MOITAS GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN

Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
Avda. de Castelao nº 20 - Baixo 15704
Santiago de Compostela - A Coruña
Tlf Fax: 981 57 00 99
residuos@adega.gal

Anexo IV - Visitas e quilometraxe realizado durante o Programa

Táboa da quilometraxe - Convenio 2018

Concello	Km ida/volta	Nº de visitas	Total Km
Ames	27	30	810
Brión	35	6	210
Carnota	172	2	344
Muros	132	10	1320
Noia	72	2	144
Porto do Son	104	11	1144
Rois	50	0	0
Pontecesures	59	0	0
Lousame	79	0	0
Total Km recorridos			3828
Total (0,19 euros/Km)			727.32

Anexo V – Folletos informativos

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA Serra do Barbanza

O LIXO DESDE O TEU CONCELLO

investiga
ecoauditoría de residuos
análise da bolsa do lixo

aprende
reciclaxe de papel
residuos e consumo
substituíndo os tóxicos no fogar
obradoiro de compostaxe
ambientalización de festas e/ou eventos

coñece
visita a planta de Lousame

disfruta
os xogos do lixo

crea
construcción dun composteiro
fabricando cousas novas con residuos



O LIXO DESDE O TEU CONCELLO

PROGRAMA DE ACCIÓN EDUCATIVA

Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza

reclutaxe de visitantes e puntos

ÁREA
Troveira de Barroilós, 9 baixo
13206 - Sarrea de Campaño
49110
residencia@barroilos.gal

María Dominguez Domínguez
Lugo, La Troveira, Sarrea
13212 - Lousoiro
A Coruña
981 391 549 / 628 276 448
m.dominguez@barroilos.gal
www.crematibarroilos.gal/actividade-lixo-galbarro

reclutaxe de obxectivos

O programa "O lixo desde o teu Concello" pretende promover a conciencia ambiental nos concellos e no tratamento de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. Calquera persoa ou entidade (asociación, concello, centro de estudos...) poderá colaborar coa realización e o desenvolvemento das visitas. ESA actividade é para maiores de 14 anos.

11. visita a planta de Lousame

Actividade participativa na que se investigará e avaliará os aspectos ambientais e sociais de todo o ciclo de vida do lixo, desde a súa produción até ao tratamento de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. Xornada de investigación, na que cada participante recibirá un cuestionario para completar a medida que se visiten os distintos puntos de recolección de residuos (CR).

Axuda a comprender como funciona a planta de Lousame e a importancia dos residuos reciclados que o lixo acaba e protexa.

2. reciclaxe de papel

Cada semana verán e lerán, utilizarán papel para casa, descubrindo que a reciclaxe e a vida se conectan e a natureza se recupera. No laboratorio farei frocos de importancia da reciclaxe para os docentes, a súa e a escola.

Estados preparativos para comprender o lixo que é!

10. ambientalización de festas e/ou eventos

Trata de promover e organizar eventos de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

9. residuos e consumo

Actividade orientada a promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

3. fabricando cousas novas con residuos

Actividade orientada a promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

4. substituíndo os tóxicos no fogar

Na vida cotiá utilizamos produtos químicos para a limpeza, para a cociña, para a beleza, etc. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

8. obradoiro de compostaxe

Trata de promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

7. construción dun composteiro

Trata de promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

5. xogos de lixo

Trata de promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

6. análise da bolsa de lixo

Trata de promover a conciencia ambiental e a redución do consumo de lixo. Consistirá de 4 sesións: 2 sesións de traballo case controladas onde levar a cabo tarefas de redución do consumo de lixo. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame. 2 sesións de ambientalización de festas e/ou eventos de recolección de lixo máis próximo grazas ás visitas guiadas no punto de Lousame.

condicións para participar

Non se require que seades programa seades participando. Non se require que seades programa seades participando. Non se require que seades programa seades participando.

Desde o programa "O lixo desde o teu Concello" propoñemos diferentes actividades de Educación Ambiental no Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, co obxectivo de fomentar a redución, reciclaxe e reciclaxe dos residuos (ca. 3 kg).

As actividades de educación ambiental consisten en obradoiros e visitas guiadas no punto de Lousame, así como a realización de actividades participativas.

As actividades son gratuítas e para todos os públicos.

Anexo VI – Folletos divulgativo

EN TEMPOS DE CORENTENA* APROVEITA PARA MELLORAR A SEPARACIÓN!!

*En corentena e resto do tempo!

Para os Concellos da Mancomunidade da Serra da Barbantosa (Arnoy, Brión, Carnota, Louzán, Muras, Noya, Pazoareiro, Porto do San e Robe).



SEPARA A MATERIA ORGÁNICA:

Debemos reflexionar sobre a importancia de cuidar o noso medio ambiente. A mellor maneira de facelo, dende a casa, é separar a materia orgánica para que se poida transformar en compost. (Aprox. o 40% da nosa bolsa de lixo é materia orgánica).

Utilizamos o colector de tapa-verde.

QUE PODEMOS TIRAR NESTE COLECTOR?

Restos de comida (restos de carne e peixe, pelos, casca de ovo...), restos de xardinería, e todo aquilo que sexa biodegradable (papel das mocas, ganderapos de papel, ...).

<https://youtu.be/EsludVYgPA>



SE TES UN ANACO DE TERRA APOSTA POLA COMPOSTAXE CASEIRA

Para practicar a compostaxe caseira abonda cun pequeno recuncho de terra, ben no teu xardín ou na horta. Podemos reproducir neste espazo, a tradicional lixeira ou esterqueira ou tamén temos a opción de instalar no mesmo lugar un composteiro.



ÚNETE E FAI UNHA ECOAUDITORÍA DE RESIDUOS

Na seguinte ficha hai unha actividade moi sinxela para comezar a reducir o lixo no teu fogar.

Aceptas o reto?

Cóntanos as teus trucas para reducir residuos. Premede na seguinte Ligazón:
<https://cutt.ly/4tmcNZE>



#FuEcoNaCasa Podedes contactar connosco no correo: residuos@adega.gal

En que colector debemos depositar os restos Mariños? 🤔

Cando realizamos unha limpeza de praias podemos atoparnos moitos residuos diferentes, pero realmente sabemos onde os vamos depositar? Aquí temos unha pequena guía para asegurarnos de que estamos a facer unha correcta separación e o estamos a tirar no lugar adecuado.

Para os Concellos da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza (Ames, Brión, Camoña, Louzama, Muras, Noya, Portocedrales, Porto do Son e Rode).



REDES E RESTO DE MATERIAL DE PESCA.



Moitos dos residuos que nos vemos a atopar, proviñen do peisco e marisqueo. Este tipo de residuos non se poden tratar no planta de compostaxe polo que se deben tirar no contedor verde que hai nas praias.

VIDRO



Aínda que pensei raro, as botellas de vidro tamén son un residuo máis típico que atopamos nas praias. Sempre a hora de manexalos debemos facelo con cuidado de non cortarnos e debemos depositalos no colector verde que hai na praia.



RESTOS DE PLÁSTICO E OUTROS MATERIAIS



Os restos de plástico, paucifas das ovidas, tacoliñas, cabriñas, restos de botas, ... son un residuo que tamén atopamos nas nosas praias. Como non son un residuo orgánico os depositaremos no contedor de tipo anaranxado de "Materia Inorgánica".



ANIMAIS MORTOS E ALGAS

- Animais mortos: as veces, por desgracia, podemos atoparnos animais mortos nas praias. **NUNCA** se deben tocar, debemos deltalos lugar onde os atopamos, en caso de ser un mamífero maríno debemos chamar a CEMMA (686989008) ó a IIZ.
- As algas: normalmente a xente pensa que son lixo, pero as algas son seres vivos que serven de alimento e refuxo para diferentes animais, polo que non deben ser retirados.



Contacto con noso: residuos@adega.gal



Anexo VII- Notas de prensa

Serra do Barbanza retoma su plan de educación ambiental

El plan incluye una docena de propuestas, desde talleres hasta charlas, pasando por visitas a la planta de compostaje



MARTINA MISER



ADEGA e a Mancomunidade Serra do Barbanza retoman o programa de concienciación sobre o lixo

🕒 Xullo 2, 2020 🧑 S.P.


VOLVE O PROGRAMA "O LIXO DESDE O TEU CONCELLO"



Podedes solicitar actividades na web ou mandando un correo a : residuos@adega.gal



Anexo VIII - Fotografías das Actividades









ADEGA
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Educación ambiental

adega@adega.gal
www.adega.gal

